

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 101

ano 17

xullo-agosto 2023

O patrimonio monumental como recurso (I):

SAN PEDRO DE ROCAS



O extraordinario lugar da Ribeira Sacra é consabido por agochar segredos monumentais entre a súa exuberante vexetación. Aquí presentamos a historia da única construción arquitectónica semirrupreste galega na que se aprecia o paso de ermida individual escavada na rocha a pequena construción monástica: o mosteiro de San Pedro de Rocas. No concello de Esgos, integrado nunha paisaxe de redondeadas formas graníticas, Rocas é, ademais, o exemplo máis antigo de vida cenobítica coñecido en Galicia.

Durante a súa dilatada historia como mosteiro, foi propietario de terras lindeiras que podía ceder a través de contratos agrarios ao campesiñado para que as traballasen a cambio dunha parte da colleita. Os máis habituais foron os foros, contratos a longo prazo *a tres voces*, é dicir, por tres xeracións, ou pola vida de tres reis. Neste número de *Fronda* presentamos unha carta partida por ABC sobre pergameo que recolle o foro outorgado o 14 de xuño de 1338 por Xoán Eanes, prior de San Pedro de Rocas, a Xoán Fernández, morador en Boeiros, e á súa muller, Elvira Eanes, dun casal en

Boeiros pola terceira parte da colleita, entre outras rendas.

As cartas partidas por ABC ou quirógrafos foron unha tipoloxía documental moi frecuente na Idade Media á hora de recoller por escrito contratos bilaterais, grazas a que permitían garantir a autenticidade dun documento. Isto lograbase escribindo o contrato por duplicado nun mesmo soporte e cunha serie de letras do alfabeto ben grandes escritas entre ambas as copias. As copias separábanse despois recortando en forma dentada ou ondulada polas letras en gran formato. Creábanse así dous exemplares que, sendo ambos os orixinais, debían encaixar á perfección. Un deles era para a familia campesiña que traballaría as terras e o outro para o mosteiro.

1338, [San Pedro de Rocas]


Foro outorgado polo prior de San Pedro de Rocas Xoán Eanes a Xoán Fernández e Elvira Eanes dun casal en Boeiros.

Pergamiño, gótica documental; galego; 190 x 166 mm.

AHPOu. Mosteiro de San Salvador de Celanova, Carp. 18/2

Historia de San Pedro de Rocas

De acordo coa lenda, un cabaleiro medieval chamado Gemodus saíu un día de caza por estas terras e perdeuse. Atopou entón este refuxio escavado na rocha, pero deshabitado desde había un longo tempo, e decidiu ficar como eremita. Días despois, un grupo de cazadores que saíran na súa busca deu con el, pero non retornaron, pois todos decidiron acompañalo no seu retiro relixioso e elixírono como primeiro abade.



Fotografía de "La gran aventura" en San Pedro de Rocas
AHPOu, Colección fotográfica, álbum 6/78

O certo é que tanto San Pedro como moitas outras grutas escavadas na rocha na Ribeira Sacra dan o perfil non só de refuxios de oración de anacoretas, senón tamén dos lugares en que se produciría por primeira vez na Península o paso do fenómeno eremítico ao cenobítico.

A posible xénese do cenobio fíxase en partir do texto epigráfico da "lápida fundacional" atopada no interior da igrexa, datado en 573. De ser auténtica, Rocas sería a fundación monástica máis antiga que se documenta en Galicia. En caso contrario, o tipo de letra e o estilo decorativo evidencian unha labra altomedieval que se pode datar entre os séculos V a X.

O aspecto do conxunto por aquel entón difería moito do actual. O máis probable é que só existisen as tres covas escavadas na rocha viva. Presúmese o abandono das covas por mor da presenza islámica –datada en Ourense arredor do ano 716– entre os séculos VIII e IX ou principios do X. A súa restauración coincide co repoboamento da cidade

de Ourense e arredores por Afonso III (866-910).

Obra de Gemodus ou non, reatómase a vida monástica en Rocas, neste caso vinculada ao mosteiro de Celanova. Así se mantería ata o final dos seus días, a excepción do século XII, en que, a consecuencia das revoltas en tempos da raíña dona Urraca (1109-1126), Rocas foille usurpado a Celanova e pasou a depender de Sto. Estevo de Ribas de Sil. Polo seu pequeno tamaño, contou cun máximo de trece monxes nos momentos de esplendor.

A finais do século XV e a raíz da reforma bieita apoiada polos Reis Católicos, San Pedro pasou de ser un mosteiro autónomo, aínda que vinculado a Celanova, a priorado subordinado a ese mosteiro. En 1641, un novo incendio destruíu presuntamente a arquitectura monástica medieval na súa totalidade e, coas pedras que se salvaron, teríase construído a actual casa prioral.

O abandono e "La gran aventura"

A fin de Rocas non chegou coa desamortización eclesiástica do século XIX, xa que o conxunto sobreviviu como parroquia ata 1928. Nesta data, un novo incendio deixou o edificio en ruínas e, en lugar de reconstruír a igrexa, decidese levantar unha nova a escasos 5 km, na Quinta do Monte. San Pedro de Rocas foi abandonado e espoliado.

Nas décadas de 1950 e 1960, a Ciudad de los Muchachos sacou o lugar do esquecemento ao elixilo como enclave para "La gran aventura", unha experiencia xuvenil de retiro espiritual e supervivencia en pequena comunidade. A Ciudad de los Muchachos foi un proxecto que o padre Silva desenvolveu na cidade de Ourense, logo en Benposta, baseado nos ideais de "xustiza, igualdade, paz e solidariedade", co fin de ofrecerlles un futuro á marxe da delincuencia aos cativos das clases máis desfavorecidas. O Circo de los Muchachos foi a iniciativa con máis proxección internacional. Nas súas esporádicas estadias de verán, os "muchachos" contaron co beneplácito do Bispado para realizar labores de restauración na casa prioral, á que dotaron de novos teitos, fiestras, portas e escadas.

O centro de interpretación

Na década de 1980, en pleno auxe da recuperación patrimonial, rehabilitábase o conxunto de San Pedro de Rocas. As obras na igrexa descubriron trinta enterramentos escavados na rocha do chan, datados entre os séculos VIII e XVII. Dada a súa espectacularidade, decidiuse deixar visibles os sepulcros baleiros e colocar unha plataforma de madeira que permitise a visita do edificio.

Outros oito sepulcros foron descubertos no corredor entre a igrexa e a casa prioral. Esta, pola súa parte, foi adaptada como centro de interpretación da Ribeira Sacra. Nel exhibíense mostras da vida monacal en Rocas, oficios tradicionais da provincia de Ourense como o afiadador ou o augardenheiro e pinceladas da historia, a paisaxe e a enoloxía da Ribeira Sacra.

Texto: Marta Vila Comesaña. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tlfno. 988788228